



Viñeta d' *As serpes cegas*. // B. Seguí

Entre serpes e homes

BD Excepcional álbum de intriga política situado na Nova York dos anos 30 e na guerra civil española

As serpes cegas

Felipe Hernández

Cuevas

e Bartolomé Seguí

BDbanda, 2008

72 páx. 16 euros



Sobre un magnífico guión de Felipe Hernández Cuevas, sen dúbida un dos grandes da escrita de cómics en castelán, o debuxante Bartolomé Seguí compón n' *As serpes Cegas* un álbum de intriga política ambientado a medio camiño entre a Nova York dos anos 30 e a Barcelona dos primeiros anos da guerra civil española. A obra non é exactamente unha novidade, pois chegou a nós alá polo Nadal, por virtude da editora galega BDbanda –quen a publica, un pouco despois, tamén en castelán, mentres que en Francia foi editado polo prestixioso selo Dargau–, pero nestes días volve á actualidade ao anotar dúas candidaturas no Saló del Còmic de Barcelona de 2009: á mellor obra e ao mellor guión.

Nas páxinas d' *As serpes cegas* atopamos unha historia que nas primeiras páxinas pode semellar un relato de xénero negro, cun misterioso personaxe que aparece en Nova York á procura dun home aínda descoñecido para nós, Ben Koach. Mais estamos ante unha trama que ao pouco se vai

tornando nunha reflexión sobre a febleza dos ideais, a corrupción das ideoloxías e a derrota moral. Supérase deste xeito a narración desta procura inicial, así como a dunha segunda acción, esta centrada na fuxida a España dos seus dous protagonistas, que serve como marco a estas reflexións. Estamos pois, ante un rico guión que permite elaborar múltiples lecturas a varios niveis, e que pola súa profundidade, non nos deixará indiferentes.

Pola súa banda, Seguí, autor de case unha ducia de títulos e colaborador habitual de publicacións como *El Víbora* ou *El Jueves*, válese para este traballo dunha expresiva cor vermella que

relación extrema, cuxa evolución coñecemos a través dunha narración en *flashback* que por veces nos proporciona a suposta investigación/procura da historia marco, esa coa que se presenta o volume e que nos tenta a encadrar o relato dentro do xénero negro. Mais non hai nada do tópico, ou só o mínimo, nesta narración que toma un curso inesperado segundo nos achegamos ao final da banda deseñada. O guionista sorpréndenos cun desenlace inesperado onde a vinganza desexada e unha sorte de xustiza poética se collen pola man compondo un clímax non exento de simbolismo.

As serpes cegas é, xa que logo, un traballo excepcional, moi recomen-

O libro anotou as candidaturas no Saló del Còmic de Barcelona á mellor obra e ao mellor guión

inunda as páxinas e que serve para acentuar a tensión dunha época convulsa, marcada polas persecución aos comunistas en EE.UU. e a última resistencia dos republicanos en España. Neste ambiente, e viaxando dende América á Península, aparece a historia do activista Ben Koach e o dirixente comunista Curtis, e da súa

dable para todos os que gocen coas boas historias, editado ademais con mimo e coidado, e nun agradecido formato grande que permite deleitarse ata perderse entre as viñetas nas que Seguí crea unha Nova York e unha Barcelona evocadoras, retratadas ambas as dúas no cotián e excepcional dos seus personaxes anónimos. // **María Lado**